

OS ÁNGULOS DA BRASA

Texto de **MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO**

Ilustracións de **FAUSTO ISORNA**

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21,5 cm. 112 páx. 15

€ ISBN 978-84-15250-36-4. Faktoría K de Libros. Tambo.

-PREMIO ÁNHEL CASAL AO LIBRO DE POESÍA 2012
(ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES)
-PREMIO DA CRÍTICA ESPAÑOLA 2012
(ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CRÍTICOS LITERARIOS)
-PREMIO DE POESÍA DA AELG 2013
-PREMIO NACIONAL DE POESÍA 2013

...Hoxe limpo o poema.

Renovo unha emoción.

Bótome ao monte

de beleza nova...

(Fragmento de "Hoxe")

"Os ángulos da brasa" é unha nova estación no percorrido pola memoria emprendido por Manuel Álvarez Torneiro dende os seus versos iniciais; o seu reencontro cos lectores despois de "Parábola do incrédulo" (2006). Perduran intactas, en rara coherencia íntima, a fe na robustez da beleza e no poder da palabra; finalmente, as mellores armas do poeta na súa teimuda batalla «contra o mundo e a favor da vida».

Dividida en tres partes -'Trama de vida', 'Terreal e sagrado', e 'Tapiz de cinsa'- este poemario presenta 67 composicións poéticas que botan unha ollada reflexiva sobre a cotidianidade, que comparten emocións íntimas e xogan coa dimensión simbólica da palabra.

Faktoría K retoma o ronsel literario iniciado pola colección de poesía Tambo, que interrompera a súa actividade en 2006 despois de máis de trinta entregas. Daquela -e tamén con Luís Rei Núñez como coordinador- saíron do prelo obras de escritores como Carlos Oroza, Ramiro Fonte, Estíbaliz Espinosa, Antón Patiño, Román Raña, Manuel Romón, Elvira Rivero, Xavier Seoane, Cecilio Muñoz ou o propio Manuel Álvarez Torneiro. Na ilustración das portadas colaboraron artistas como Menchu Lamas, Xosé Freixanes, Berta Cáccamo, Marta Armada ou Antón Lamazares. Nesta nova etapa, Tambo ábrese a autores doutras linguas, traducidos directamente para o galego.



MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Os ángulos da brasa



TAMBO

■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** outros títulos da colección Tambo: "Alén da fronteira" (Premio Lois Tobío de Tradución 2012), que recompila a obra de sete poetas vascos; "Tríptico", de Antoni Marí; "Espirale de sombras", de Xavier Seoane.

Manuel Álvarez Torneiro

(A Coruña, 1932)

Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario La Voz de Galicia. Mantén unha actividade poética ininterrompida dende o seu debut serodio, coa obra "Memoria dun silencio" (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos "Rigorosamente humano" (1995, Premio Esquío), "Luz de facer memoria" (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e "Campo segado" (2001). A estes súmanse tamén os tres libros editados na colección Tambo: "Epicentro" (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), "Setembro Stradivarius" (2004) e "Parábola do incrédulo" (2006).